

Seguro Outros Danos a Bens

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España

Produto: Seguro BBVA Allianz Todo Riesgo Autopromotor

A información precontractual e contractual completa do produto proporciónase noutros documentos.

En que consiste este tipo de seguro?

É un seguro vinculado e destinado ao préstamo hipotecario autopromotor, dirixido a ti como construtor e/ou pequeno promotor, coa finalidade de cubrir os danos que poida sufrir a túa obra destinada a vivendas durante a fase da súa construción e/ou rehabilitación.

A suma asegurada será a que conste nas condicións particulares do teu contrato.



Que se asegura?

Obras ou edificios destinados a vivendas, con altura máxima de 8 plantas e 2 sotos.

GARANTÍAS BÁSICAS



Danosa a obra

Cobre os danos que lles afecten aos traballos de obra civil e instalacións. Comprende os custos de man de obra e materiais, aprovisionamentos, repostos que están a pé de obra e que aínda non fosen colocados. Indemnízase polos seguintes riscos.

- Incendio, explosión e caída de raio.
- Roubo e expoliación. Tamén os desperfectos causados por estes motivos: impactos, como caídas de avións e choques de vehículos.
- Riscos da natureza cuxo suceso ou intensidade non sexan previsibles no lugar da obra e na época do ano.
- Vento, pedrazo, neve e chuvia.
- Tempestades, furacáns e ciclón.
- Xeada e desxeo.
- Desbordamento, inundación e embates do mar.
- Terremotos e vulcanismos.
- Fundimento e corremento de terras, desprendemento de rochas e aludes.
- Riscos inherentes á execución da obra:
 - Danos como consecuencia de erros no deseño, dirección de obra, por sobrecargas.
 - Danos á obra por defecto nos materiais ou por man de obra defectuosa.
 - Danos producidos pola maquinaria.



Responsabilidade civil extracontractual

Danos accidentais dos que poidas resultar civilmente responsable, que se orixinasen na obra asegurada e estean directamente relacionados coa súa execución.



Período de mantemento amplo

Trátase do período de mantemento posfinalización da obra. O seguro prorrogase durante un ano a partir da data de terminación das obras. Inclúe toda perda ou dano na obra civil e instalacións:

- Por unha causa que tivo a súa orixe durante o período de construción, sempre que non sexa obxecto de exclusión no contrato.

- Ocasionado polo contratista durante a execución dos traballos derivados do mantemento ou conservación das obras, sempre que non sexan obxecto de exclusión no contrato.
- Responsabilidade civil limitada unicamente á que teña a súa orixe nos traballos de mantemento ou conservación.

GARANTÍAS OPCIONAIS



Danos a bens preexistentes

Cobre os bens existentes antes de comezar a obra, que poidan verse afectados por esta, e sempre que fosen declarados no contrato. Así mesmo, cóbrense os gastos que, como consecuencia dun dano indemnizable, se orixinen por:

- Horas extraordinarias, ou por traballos nocturnos, ou en días festivos e por transportes urxentes.
- Desentullo e/ou demolición da obra asegurada como consecuencia dun dano material.
- As medidas necesarias adoptadas para cortar ou extinguir o incendio ou impedir a súa propagación.
- Feitos de carácter político-social, folga, motín, conmoción civil.
- Duración da obra superior á orzada como consecuencia dun dano amparado no contrato.

Garántese o aboamento das cotas de amortización durante o período paralización da obra a causa dun dano.



Responsabilidade civil patronal

Cóbrete fronte ás responsabilidades civís derivadas de accidentes laborais que lle causen danos corporais aopersoal que traballe para ti. Inclúense os gastos que se xeren como consecuencia da túa defensa e posteriores recursos, incluso cando se xeren con base en reclamacións infundadas.



Responsabilidade civil cruzada

Cóbrese os danos corporais e prexuízos económicos derivados destes que puidesen ocasionarse entre si ou causar a outras empresas ou persoas alleas ao asegurado que executen traballos no recinto da obra.

Seguro Outros Danos a Bens

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España

Produto: Seguro BBVA Allianz Todo Riesgo Autopromotor



Que non está asegurado?

Resumimos as principais exclusións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ✗ Os danos e perdas debidos a defecto ou vicio propio, falta de uso, desgaste, influencias normais do clima, corrosión ou oxidación.
- ✗ Os custos de rectificación de defectos nos materiais, deseños ou planos ou na man de obra.
- ✗ Os danos e perdas mecánicas e/ou eléctricas que sufran o equipo e a maquinaria de construción, así como os seus accesorios.
- ✗ Os equipos de construción, tales como estadas, pontes auxiliares, armaduras de carpintería e esteamento, ferramentas, edificacións provisionais, instalacións de forza motriz e de abastecementos, condución, drenaxe, desaugadoiro, combustibles e demais bens propios e análogos.
- ✗ A maquinaria de construción, como guindastres, escavadoras, pas, dragas, equipos de desentullo e nivelado, e calquera outro vehículo utilizado como maquinaria de construción.

- ✗ O pagamento de multas ou sancións, así como as consecuencias do seu non pagamento.
- ✗ A responsabilidade civil extracontractual exclúe as reclamacións derivadas dos danos causados polos traballos de demolición do edificio.
- ✗ O furto, así como todo dano e perda sufrida por desaparición ou diminución, cando unha ou outra se comprobren ao efectuar un inventario ou revisión periódica ou ocasional.
- ✗ A responsabilidade contractual, ou sexa, a que recaia sobre o contratante do seguro ou asegurado polas estipulacións de calquera contrato, xa sexa escrito, verbal ou tácito, a non ser que a devandita responsabilidade recaese igualmente sen a existencia do referido contrato.
- ✗ Da responsabilidade civil patronal quedan excluídas as reclamacións presentadas por accidentes que non fosen á vez cubertos por un seguro de accidentes de traballo, de acordo coa lexislación vixente. Indemnizacións e gastos por enfermidade profesional.



Existen restricións no que respecta á cobertura?

Resumimos as principais restricións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ! A indemnización máxima da garantía de danos a bens preexistentes é do 50 % do valor da obra.
- ! A indemnización na garantía de danos á obra queda limitada en:
 - Máximo 15 % do valor da obra en *horas extraordinarias, ou por traballos nocturnos, ou en días festivos e por transportes urxentes.*
 - Máximo 10 % do valor da obra en *desentullo e/ou demolición da obra asegurada como consecuencia dun dano material.*
 - Máximo 15 % do valor da obra en duración da *obra superior á orzada como consecuencia dun sinistro amparado no contrato.*
 - 50 % do valor da obra en *feitos de carácter político-social, folga, motín, conmoción civil.*
- ! En ningún caso as responsabilidades que poderá cubrir a compañía poderán exceder de 300.506,05 EUR.
- ! O límite de indemnización por vítima para a responsabilidade patronal e cruzada non pode superar os 60.101,21 EUR.

- ! No caso de interrupción das obras, o período máximo de suspensión dalgunha ou de todas as garantías non pode ser superior aos 6 meses.
- ! A cantidade que se deducirá da indemnización polos danos materiais á obra son:
 - *Xera!*: 150,25 EUR por dano.
 - *Para roubo!*: 15 % do dano, como mínimo 300,50 EUR.
- ! A cantidade que se deduce da indemnización por responsabilidade civil de reclamacións por danos materiais é de 300,50 EUR por dano.
- ! Garántenche o aboamento das cotas de amortización durante a paralización da obra, sempre que o período sexa superior a un mes, cun límite máximo de indemnización do 15 % do valor da obra.
- ! Considerarase que constitúe un só e único dano o conxunto de danos e/ou perdas materiais directos derivado dunha mesma causa, coincidentes no lugar e no tempo.
- ! Se a obra finaliza antes da data indicada no contrato, o comezo e a finalización do período de mantemento, se estivese cuberto, quedarán adiantados.

Seguro Outros Danos a Bens

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España

Produto: Seguro BBVA Allianz Todo Riesgo Autopromotor



Onde estou cuberto?



En España. No domicilio da obra indicado no contrato.



Cales son as miñas obrigas?

- Pagar o seguro.
- Indicar correctamente o valor da obra asegurada.
- Comunicarlle a BBVA Allianz Seguros, tan pronto como se produza, calquera incremento na suma asegurada, coa obriga de pagar o novo recibo.
- Cumprir as normas de seguridade e prevención de accidentes que establecen os regulamentos e demais disposicións vixentes.
- Seleccionar a man de obra e materiais óptimos.
- Manter en condicións eficientes a maquinaria, equipo e instalacións, e efectuar as revisións periódicas.
- Se fose necesario efectuar algunha inspección, débemos facilitar o libre acceso ás obras e á documentación relativa a elas.
- Comunicarnos se se interrompen as obras.
- Se se produce algún dano, débelo comunicar a BBVA Allianz Seguros nun prazo máximo de sete días desde que suceda e empregar os medios ao teu alcance para diminuír as súas consecuencias.



Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

O cargo do recibo único realizarase a partir da data inicial do seguro a través da túa domiciliación bancaria.



Cando comeza e finaliza a cobertura?

O contrato é de duración temporal. As garantías entran en vigor na hora e na data indicadas nas condicións particulares. Se finalmente a duración da obra é posterior á pactada, podes solicitar prorrogar a data de finalización do contrato.



Como podo rescindir o contrato?

Ao tratarse dun seguro temporal, non é necesario que nos solicites a rescisión do contrato se a obra finaliza na data indicada neste.